

Alberto Lema Suárez

Concelleiro do Grupo Municipal da Marea Atlántica

Nacín en Vimianzo en 1975. Son licenciado en Filloxía Inglesa pola USC e participo activamente en política desde novo. Son traballador en excedencia da Real Academia Galega.

Gañei o premio Ánxel Casal coa novela *Sidecar*, publicada pola editorial Galaxia en 2009, e publiquei outras dúas obras de narrativa e dous poemarios, *Plan de fuga* (2008) e *Crónica do chan* (2014). E realicei numerosas colaboracións en obras colectivas e distintos medios da prensa galega. Acredito na necesidade de rachar coa situación de dependencia de Galicia para acadar o seu pleno desenvolvemento económico, social e cultural.

No mandato 2015-2019, exercín a responsabilidade de concelleiro nas áreas de Emprego, Economía Social, Comercio, Mercados, Consumo e Turismo.